# NOME CIENTÍFICO

*Junglans regia*

**Familia:** Rosaceae
**Orixe:** Europa do leste e Asia
**Nome común:** Nogueira común.

## Descrición:

Árbore de folla caduca que pode acadar os 20-35 metros de altura e un diámetro de tronco duns 2 metros. A cor do seu tronco é esbrancuxada ou gris claro.



74



75




76

**As súas follas** están compostas por de 5 a 9 folíolos dispostos de forma imparipinnada ao longo do raques. cunha envoltura lisa e de cor verde, que co tempo se desprende e se torna negruzco.

**As súas flores** agrúpanse en inflorescencias, tanto masculinas como femininas. Son de cor verde, as masculinas dispostas en amentos longos e as femininas son solitarias ou aparecen en grupos de cinco.



77

**O froito** é globuloso. Así aparecen as noces.

# *Junglans regia*

### *Hábitat*

É orixinario de Oriente Medio. O seu cultivo é milenario, introducíndose en Europa antes da época romana e en América a partir do século XVI.
Medra de forma preferente en lugares soleados e de longos veranos.

### *Usos ou propiedades*

Cultivado fundamentalmente para a comercialización dos seus froitos, as noces, que son consumidas de diferentes formas e que destacan polo seu alto valor nutritivo.

### *Categoría IUCN*

Case ameazada (NT)

### *Curiosidades*

As follas da nogueira posúen un composto denominado juglona, que en maior ou menor medida posúen tódolos representantes da familia Junglandaceae. Este composto destaca polos seus efectos inhibidores do crecemento doutras especies vexetais, deste xeito a nogueira é capaz de eliminar competencia. É como un herbicida natural.